

MATERIA FRANCÉS  
PROFESOR/A M<sup>a</sup> Olga Recio Sánchez  
CURSO 4º ESO 2021-22



## CONTIDOS

- 1.<sup>a</sup> AVALIACIÓN: Resumo das unidades 4-6 de Pluriel 3  
2.<sup>a</sup> AVALIACIÓN: Unidades 0-1-2 de Pluriel 4  
3.<sup>a</sup> AVALIACIÓN: Unidades 3-4 de *Pluriel* 4

## CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Presencial/semipresencial

Probas	Probas escritas/orais: -Comprensión oral e escrita -Expresión oral e escrita -Gramática, vocabulario, cultura	70,00%
Traballo e actitude	-Traballos para entregar, proxectos -Traballo diario: libreta, caderniño, deberes... -Respecto, interese, esforzo, traer e coidar o material..	30,00%

A distancia

Se os medios o permiten e se poden garantir os requisitos inherentes a un exame, faranse algúns de xeito telemático, tanto de tipo oral coma escrito. Outros elementos da avaliación, como por exemplo a observación na clase, serán substituídos polo traballo. Se as circunstancias cambiasen ou se ditasen novas normas, daríasele publicidade principalmente mediante a Aula Virtual .

- Habrá recuperación por avaliacións (de contidos e de traballos)
- Para o alumnado que aproba antes do 6 de xuño, na avaliación final de xuño a 1<sup>a</sup> avaliación contará un 30% a 2<sup>a</sup> un 30% e a 3<sup>a</sup> un 40% .
- Para aqueles que non teñan a materia aprobada, haberá unha proba final no mes de xuño, de contidos, que poderá incluír as diferentes competencias orais e escritas, e á que se poderán sumar os traballos de recuperación feitos entre o 6 e o 22 de xuño.
- En caso de aplicar o redondeo por trimestres, na avaliación final este farase sobre a nota trimestral real .
- Nos traballos contará a súa calidade, e non so o feito de telos entregado. Descontará se se entregan fóra de prazo. A libreta e os traballos serán persoais, non copiados sistemáticamente .
- No caso de detectar que se copia nos exames o profesor tomará as medidas que estime oportunas.
- Cando un alumno falte a un exame e non traia xustificante da falta, o profesor non estará obrigado a repetirlo.

## PLAN DE LECTURA ANUAL

Hora de Ler: Non (Leranse na clase xornais franceses na versión dixital, textos adaptados...)

## ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS, TIC, PROGRAMAS...

Asistencia a unha obra de teatro en francés se fora posible.  
Almorzo ou merenda francés se fora posible.